

IV CICLO DE MÚSICA DE CÁMARA



PROGRAMACIÓN 2016 - 2017

TODOS OS CONCERTOS SON NO TEATRO PRINCIPAL ÁS 20:30 H



Concello de
OURENSE

20 | CICLO
16/17 | DE MÚSICA
DE CÁMARA

IV CICLO DE MÚSICA DE CÁMARA

PROGRAMA

20
16/17

XOVES
6 OUT
2016

**REAL FILHARMÓNIA
DE GALICIA**
colaboración especial

ESPAÑA

XOVES
3 NOV
2016

CUARTETO AKILONE
violín
violín
viola
violonchelo



FRANCIA

XOVES
1 DEC
2016

IRMÁS NAUGHTON
duo de piano



EEUU

XOVES
12 XAN
2017


THE BRAMHS PROJECT
cuarteto con piano



ESPAÑA

MÉRCORES
1 FEB
2017

CUARTETO ATTACCA
violín
violín
viola
violonchelo



EEUU

MÉRCORES
5 ABR
2017

JUAN PÉREZ FLORISTÁN
piano



ESPAÑA

MÉRCORES
3 MAI
2017

ZOAR
quinteto vento -madeira



ESPAÑA

XOVES
1 XUÑ
2017

**DÚO GARCÍA JERMANN
MORETTI**
chelo e piano



ESPAÑA
BRASIL

O ciclo Enclave de Cámara está organizado pola Concellería de Cultura do Concello de Ourense.

Coordinación técnica | Anxo F. Saborido

CONCELLERÍA DE CULTURA
do Concello de Ourense

Auditorio Municipal
Rúa da Canle, 2
988 39 12 90

Enclave de Cámara Ourense
 @enclavedecamara
www.enclavedecamara.com

Igual que nas pasadas edicións, Enclave de Cámara presenta unha programación heteroxénea tanto no programático como no instrumental. Consideramos que unha tempada está para dar a maior variedade posible, non só co fin de contentar gustos, senón e sobre todo para mostrar a riqueza de variedade e escolas musicais ao longo dos séculos.

Desde a variedade instrumental -solistas de piano, quintetos de vento,... - pasando por obras de moi diferentes épocas- de Pietro Franceschini, do s. XVII, a compositores actuais como a neotorquina Caroline Shaw (premio Pulitzer da Música 2015) ou o celeberrimo Lalo Schiffrin-, a concertos cun único solista -recital de piano- a orquestra de cámara son algunhas das propostas que compoñen a tempada 2016-2017 do Enclave de Cámara.

Esta tempada, por primeira vez, contamos cunha orquestra, en formación de cámara. En concreto será a Real Filharmonía de Galicia con sede en Santiago de Compostela, e cuxa calidade é recoñecida por todos.

A Real Filharmonía será quen abra o ciclo cun concerto o 6 de outubro que dará paso a outras sete propostas máis, facendo un total de 8 concertos terminando a tempada o primeiro de xuño con García Jermann - Moretti, dúo de piano e violonchelo. Cabe destacar a presenza de dúas formacións galegas, a mencionada orquestra e o quinteto de vento Zoar. Ademais, haberá músicos do resto de España, os EEUU, Brasil e Francia.

Respecto ao repertorio procuramos que fose amplo. Non obstante, cabe destacar que hai dez obras de compositores do século XX e XXI, e non podemos deixar de sinalar a obra do compositor galego Jesús Bal y Gay, Divertimento para cuarteto de madeiras, escrita no exilio, e que interpretará o quinteto de vento galego Zoar.

Entre os solistas esta tempada contamos con músicos tan destacables como o español Joaquín Riquelme, viola da Filharmónica de Berlín, que forma parte do Brahms Project, as irmáns Naughton que están a ter unha proxección internacional de primelrísimo nivel ou o pianista Juan Pérez Floristán, que é o primeiro español que gaña o Concurso Internacional Paloma O'Shea desde que en 1979 o gañou Josep Colom.

Conflamos en que se animen a gozar desta tempada do Enclave de Cámara, e que o recomenden.



James Dahlgren, concertino-director

Javier Simó, Ramón Llätser e Diego Aragón, trompetas

+22 músicos da Filharmonía

Orquestra sinfónica, que representa en si mesma o concepto de espírito aberto, conciliador e amable que abrangue a música, está formada por cincuenta músicos de diferentes nacionalidades que uniron a súa experiencia, tradición musical, empeño e ilusión. Xunto a eles, mestres como Helmuth Rilling, o primeiro director titular da orquestra que achegou a forza e o pulo necesario para iniciar este proxecto; Antoni Ros Marbá, que consolidou a súa traxectoria durante catorce anos e, agora é o mestre, Paul Daniel, desde xaneiro de 2013, novo director titular e artístico, Maximino Zumalave é o seu director asociado e Jonathan Webb o principal director convidado. Xestionada polo Consorcio de Santiago, nace en 1996 promovida pola Xunta de Galicia e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia.

James Dahlgren. Director e Concertino.

Concertino Honorario da Orquestra Nacional do Porto, estudou con Zaven Melikian no Conservatorio de San Francisco. Logo de traballar durante cinco anos coa Orquestra da Ópera de San Francisco, aceptou o posto de concertino na Orquestra Metropolitana de Lisboa e máis tarde o de concertino asociado na Orquestra Ciudad de Granada. Tras chegar a Europa, traballou tamén como concertino invitado da London Philharmonic Orchestra, Royal Liverpool Philharmonic Orchestra e a New Zealand Symphony Orchestra, entre outras. Foi premiado no concurso internacional María Canals en Barcelona. É profesor de violín na Escola de Altos Estudos Musicais, en Santiago de Compostela, e ocupa o posto de concertino da Real Filharmonía de Galicia dende o ano 2005.

www.rfgalicia.org



PROGRAMA

• Carl Philipp Emanuel Bach (1714-1788)

Marcha para tres trompetas e timpani H.621, en Do maior (3')

Javier Simó, Ramón Llätser e Diego Aragón, trompetas

I PARTE

• Félix Mendelssohn (1809-1847)

Sinfonía para cordas núm. 2 en Re maior (10')

Allegro
Andante
Allegro

• Petro Franceschini (1651-1681)

Sonata en Re (8')

Grave
Allegro
Adagio
Allegro

• Benjamin Britten (1913-1976)

Fanfarría para San Edmundsbury (4')

Javier Simó, Ramón Llätser e Diego Aragón, trompetas

II PARTE

• E. Bach (1843-1907)

Suite Holberg, Op. 40 (20')

Praeludium
Sarabande
Gavotte
Air
Rigaudon

Dúas melodías, Op. 53 (9')

CUARTETO AKILONE | FRANCIA

Emeline Concé, violín
 Elise De-Bendelac, violín
 Louise Desjardins, viola
 Lucie Mercat, violonchelo



O Cuarteto Akilone, aventura tanto humana como musical, nace en París en 2011 do encontro de catro músicos cuxas personalidades son tan sensibles como determinadas. Coñecidos pola visión profunda e poética dos traballos que abordan, xúntanse para a consecución dun amplo repertorio para cuarteto de cordas con musicalidade, intelixencia e imaxinación.

O cuarteto gañador do Primeiro Gran Prix no Oitavo Concurso Internacional de Cuartetos de Corda de

Bordeos e o premio ProQuartet do Centro Europeo de Música de Cámara, Akilone foi recoñecido pola súa colorida, harmoniosa e sincera forma de tocar. Ademais de tocar con frecuencia en Francia en festivais como o Orangerie de Sceaux, Les Vacances de Monsieur Haydn ou o Festival des Arcs, son tamén convidados ao estranxeiro como RNCM Chamber Music Festival de Manchester. E tamén evolucionan mediante as súas asociacións con outros músicos como Vladimir Mendelssohn, Jean François Heisser ou Jérôme Pernoo.

Grazas á European Chamber Music Academy (ECMA), tiveron a oportunidade de estudar con grandes músicos de cámara como Hatto Beyerle e Johannes Meissl, cos que traballan agora con regularidade. Alén diso, beneficiáronse do asesoramento inestimable de Vladimir Mendelssohn, Jean Sulem e o Cuarteto Ebene durante o transcurso dos anos que pasaron no Conservatorio de París (CNSMDP), onde se graduaron en 2016.

Cuarteto Akilone extrae a súa inspiración da riqueza dos encontros artísticos que constantemente procuran: o seu desexo de establecer pontes entre as artes materialízase a través da súa participación nas creacións e actuacións de "Aventures surréalistes" e de "Le Violon virtuose qui avait peur du vide".

Impulsados pola necesidade de tecer lazos estreitos coa súa audiencia e plenamente conscientes do que está en xogo no mundo musical, o Cuarteto Akilone procura abrir os seus horizontes cara a un público máis amplo, en lugares desacostumados, reforzando a súa colaboración coa Concerts de Poche Association en Francia e con Musethica no estranxeiro.

En 2017, o Cuarteto Akilone actuará no Wigmore Hall de Londres, no mes de xaneiro, e terá o pracer de tocar como parte dun octeto xunto co Cuarteto Talich, en marzo. Tamén van estar de xira en Xapón, no Reino Unido, en Italia e en Alemaña.

www.quatuorakilone.com

PROGRAMA

I PARTE

• Franz Joseph Haydn (1731-1809)

Cuarteto n.º 26 Op. 20 n.º3, Hob. III: 32,
 en Sol menor (25')

- I. Allegro con spirito
- II. Menuetto: Allegretto
- III. Poco adagio
- IV. Allegro di molto

• Félix Mendelssohn (1809-1847)

Cuarteto n.º 2 Op. 13 en La menor (30')

- I. Adagio - Allegro vivace
- II. Adagio non lento
- III. Intermezzo. Allegretto con moto - Allegro di molto
- IV. Presto - Adagio non lento

II PARTE

• Maurice Ravel (1875 - 1937)

Cuarteto para cordas en Fa maior (30')

- I. Allegro moderato. Très Doux.
- II. Assez Vif. Très Rythmé
- III. Très lent.
- IV. Vif e Agité

Cuarteto Akilone goza do apoio
 da Mécénat Musical Société Générale

IRMÁS NAUGHTON | dúo de pianos | E E U U

Christina Naughton, piano
Michelle Naughton, piano

O dúo de piano de Christina e Michelle Naughton foi aclamado polo xornal Examiner de San Francisco pola súa "musicalidade estelar, e unha mestría técnica e artística impresionante". Fixeron o seu debut Europeo en Herkulesaal, Múnic, onde o Süddeutsche Zeitung as proclamou como "un dúo sobresaliente".

Aclamadas polo dúo de piano do século XXI ofreceron recitais con programas innovadores en salas como a Die Glocke Bremen, Herkulesaal Munich, Berlin Kammermusiksaal, Tonhalle Dusseldorf, Kleiner Sendesaal Múnic, Konzertverein Ingoldstadts, Sala Filarmónica dos Ánxeles (Disney Hall), Ciclo de Concertos na Sala da New World Symphony, Kennedy Center for the Arts, Kravis Center, San Francisco Chamber Music Series, Palau de Valencia, Sala Sao Paulo e o Palacio de Belas Artes en México. As Naughton teñen un contrato exclusivo coa discográfica Warner Classics e o seu CD "Visions" foi "Listener's Choice" da Revista Gramophone de maio de 2017.

Como solistas tocaron coas Sinfónicas de Houston, Filadelfia, Atlanta, Filharmónica Real de Flandres, Estrasburgo, San Petersburgo, dos Países Baixos (Concertgebouw), Solistes Europeens Luxembourg, Coro Hamburgo, Filharmónicas de Kiel, Norddeutsche Rostock, Orquestra do Estado de Sao Paulo (Osesp) e Filharmónica de Hong Kong. Colaboraron con directores da categoría de Dutoit, Denève, De Waart, Guerrero, Karabatchevsky, Krivine, Macelaru, Orozco Estrada, Stern e Falleta.

Christina e Michelle naceron en Princeton, New Jersey e estudaron no Juilliard School e o Curtis Institute of Music, cos mestres Evelyne Crochet, Gary Graffman, Joseph Kalichstein, Jerome Lowenthal e Robert McDonald. Actualmente son Artistas Steinway e residen na cidade de Nova York.

www.christinaandmichellenaughton.com
www.facebook.com/naughtonpiano/



PROGRAMA

I PARTE

- Félix Mendelssohn (1809-1847)
Andante e Allegro Brillante Op. 92 en La maior (10')
- Maurice Ravel (1875-1937)
Miña nai a Oca, suite (15')
I. Pavana da Bela Dormente
II. Polgariño
III. Meniña fea, Emperatriz das Pagodas
IV. Conversa da Bela e a Besta
V. O Xardin encantado
- Paul Schoenfield (1947)
"Boogie" (4')
- Wolfgang Amadeus Mozart (1756-1791)
Variacións KV 501 en Sol maior (8')

II PARTE

- Enrique Granados (1896-1916)
2 Marchas Militares (9')
- Piotr Ilich Tchaikovsky (1840-1893)
Suite do Crebanoces por Nicolas Economo para dous pianos (23')
Overture Miniature
Marcia- Tempo Di Marcia Viva
Danse De La Fee Dragee. Andante
Non Troppo
Danse Russe Trepak. Tempi di trepak,
Molto Vivace
Danse Arabe. Allegretto
Danse Chinoise. Allegro Moderato
Danse Des Militons. Moderato Assai
Valse Des Fleurs. Tempo De Valse

THE BRAHMS PROJECT | ESPAÑA

Josep Colomé, violín
 Joaquín Riquelme, viola
 David Apellániz, violonchelo
 Enrique Bagaría, piano



The Brahms Project: música e amizade

Co mesmo espírito de amizade co que Johannes Brahms compuxo os cuartetos con piano, reuníronse estes catro músicos españois da xeración actual: Josep Colomé, Joaquín Riquelme, David Apellániz e Enrique Bagaría. A súa combinación de temperamento, lirismo, tradición e rigor confírenlle a estas obras mestras unha experiencia

musical única. Logo de se formar en España e no estranxeiro e de case vinte anos de traxectoria internacional, en moitos concursos e mesmo chegando a formar parte da Filharmónica de Berlín no caso de Riquelme, a súa afinidade artística e a amizade que comparten dentro e fóra dos escenarios conflúen agora neste "Proxecto Brahms", que inclúe unha xira por España e a gravación destas obras para Eudora Records.

The Brahms Project /O Proxecto Brahms reúne catro dos músicos máis relevantes da xeración actual que, ademais de seren coñecidos como solistas, cultivan a música de cámara como parte fundamental da súa actividade artística. Os tres cuartetos con piano de Brahms, o op. 25, o op. 26 e o op. 60, brindannos a oportunidade de escoitar estes catro grandes intérpretes españois xuntos por primeira vez no escenario.

Josep Colomé (violín), Joaquín Riquelme (viola), David Apellániz (violonchelo) e Enrique Bagaría (piano) escolleron estes tres cuartetos con piano de Brahms para crear unha unidade que mostra tres dimensións da gran música do Romanticismo alemá.

Un reto que impulsa a estes catro músicos a facer un traballo profundo e complexo, a partir do máximo rigor e baseado nun diálogo intenso, que os levará por emocións musicais dunha gran forza sonora.

PROGRAMA

I PARTE

•Johannes Brahms (1833-1897)

Cuarteto con piano núm.2 Op.26 en

La maior (45')

Allegro non troppo

Poco adagio

Scherzo: poco allegro

Allegro, alla breve

II PARTE

•Johannes Brahms (1833-1897)

Cuarteto con piano núm.3 Op.60 en

Do menor (35')

Allegro non troppo

Scherzo: allegro

Andante

Finale: allegro cómodo

MÉRCORES | 1 febreiro | 20:30h | 20^{16/17}

CUARTETO ATTACCA | E E U U

Amy Schroeder, violín
Keiko Tokunaga, violín
Nathan Schram, viola
Andrew Yee, violonchelo



O Cuarteto Attacca, unha das agrupacións de cámara emerxentes máis destacadas dos Estados Unidos, foi gañador da 7.ª edición na Osaka International Chamber Music Competition en 2011, Premio Listener's Choice da Competencia Melbourne de Música de Cámara, e gañador da Alice Coleman Grand Price: a Competencia Anual de Grupos de Música de Cámara da Coleman Competition en 2006. Na tempada de 2014 a 2015 o Cuarteto Attacca foi convidado para ser Cuarteto Residente do Metropolitan Museum of Art en Nova York. Destacados foron os seus concertos de toda a obra para música de cámara de John Adams e cuartetos de Haydn que incluíron nun gran número de programas.

O Cuarteto Attacca formouse na Julliard School of Music en 2003 e os seus integrantes son as violinistas Amy Schroeder e Keiko Tokunaga, Nathan Schram na viola e Andrew Yee no violonchelo.

Tocaron a Premier do máis recente cuarteto do compositor John Adams en Alice Tully Hall (Lincoln Center) de Nova York en 2009 e gravaron a obra completa dos seus cuartetos de corda coa discográfica Azica Records, que foi lanzado con grande éxito en marzo de 2013. En febreiro de 2014 tocaron a obra "Jesi" de John Adams no Ciclo "Carta Branca a John Adams" do Ciclo Sinfónico Orquestra Nacional de España dirixidos por Adams, ofrecendo a continuación un recital de toda a súa obra.

2014-2015 marcou a quinta e última tempada de "A 68", un ambicioso proxecto no que o grupo ofreceu todos os cuartetos de Haydn nunha serie especial iniciada por eles mesmos en Nova York. 2011, o Premio Arthur Foote da Asociación Musical de Harvard, e o Premio Lotos Price in the Arts. No 2016 realizan a súa segunda xira por Latino América que os leva a tocar nas principais salas de concertos e en España onde xa tocaran no II Enclave de Cámara de Ourense, a Sociedade Filarmónica de Bilbao e a Sociedade Filarmónica de Valencia.

www.attaccaquartet.com
<https://www.facebook.com/attaccaquartet/>

PROGRAMA

I PARTE

•Ludwig van Beethoven (1770-1827)

Cuarteto "As Harpas" Op. 74 n.º 10 en
Mi bemol maior (33')

- I. Poco adagio - Allegro
- II. Adagio ma non troppo
- III. Presto - Più Presto quasi prestissimo
- IV. Allegretto con variazioni

•Caroline Shaw (1982)

"Entr'acte" (12')

II PARTE

•Franz Schubert (1797-1828)

"A morte e a doncela" en Re menor n.º 14 (40')

- I. Allegro
- II. Andante con moto
- III. Scherzando. Allegro con moto. Trio
- IV. Presto

JUAN PÉREZ FLORISTÁN | ESPAÑA | piano



Gañador do Primeiro Premio e Premio do Público no Concurso de Piano de Santander Paloma O'Shea e Primeiro Premio no Concurso Steinway de Berlín (2015), Juan Pérez Floristán é xa un referente entre as novas xeracións de músicos españois e europeos.

Debutou nas principais capitais de España e Europa e tocou coas orquestras sinfónicas de San Petersburgo e Malmö, de Radio Televisión Española, Real Orquestra Sinfónica de Sevilla, de Málaga e Córdoba e Filharmónica de Gran Canaria entre outras. Foi dirixido por mestres como Pablo González, Marc Soustrot, Adrian Leaper, Juan

Luis Pérez, Lorenzo Viotti, Christian Arming, Pedro Halffter, Salvador Brotons e Rubén Gimeno. Comprometido co mundo da música de cámara, mantén unha formación estable, o Trío VibrArt, xunto a Miguel Colom e Fernando Arias. Participou no Festival de Verbier, o Encontro de Música e Academia de Santander e o Festival de Les Arcs, onde tocou co Fine Arts Quartet. Ademais, e grazas ao apoio de Elisabeth Leonskaja, participou nos festivais Ruhr Klavier Festival en Alemaña, coa conseguinte gravación ao vivo dun CD, e Sommets-Musicaux de Gstaad en Suíza.

Formouse durante dez anos coa súa nai María Floristán. Na Escola Superior de Música Reina Sofía estudou catro anos con Galina Eguiazarova e actualmente, aos seus 23 anos, continúa a súa formación na Hochschule für Musik Hanns Eisler de Berlín con Eldar Nebolsin, a súa maior influencia a día de hoxe.

Os seus compromisos futuros inclúen concertos con orquestra e recitais en EEUU e Abu Dabi; presentacións en México, Uruguai e Panamá e, en Europa, no Wigmore Hall de Londres, Herkules Saal de Múnic, Bilbao, Budapest, Zúric, Hannover e re-convites en París e no Festival Beethoven de Varsovia.

www.juanperezfloristan.com

PROGRAMA

I PARTE (40')

• Frédéric Chopin (1810-1849)

Preludio en Si maior Op. 28

• Serguéi Rachmaninov (1873-1943)

Preludio en Sol maior Op. 32

• Frédéric Chopin (1810-1849)

Preludio en Do menor Op. 28

• Serguéi Rachmaninov (1873-1943)

Preludio en Do menor Op. 23

• Frédéric Chopin (1810-1849)

Preludio en Sol menor Op. 28

• Serguéi Rachmaninov (1873-1943)

Preludio en Si bemol maior Op. 23

• Frédéric Chopin (1810-1849)

Sonata n.º 2 en Si bemol menor Op.35

II PARTE

• Modest Músorgski (1839-1881)

Cadros dunha exposición (35')

MÉRCORES | 3 maio | 20:30h | 20^{16/17}

Z O A R | quinteto de vento | ESPAÑA

Joan Ibáñez, frauta

David Villa, óboe

Antonio Suárez, clarinete

Benjamín Iglesias, trompa

Álex Salgueiro, fagot



Somos un conxunto de cámara estable e activo, con formación de quinteto de vento clásico. Xuntos desde 2009 actuamos nos máis representativos escenarios de Galicia. En 2016 presentamos o primeiro CD dun quinteto de vento galego, titulado "No vento" con pezas de Juan Durán e foron nominados aos III Premios Galegos da Música "Martín Códax".

Tratamos de ofrecer propostas orixinais, incorporando músicas actuais ou descoñecidas, colaborando con outros músicos e cantantes e interaccionando con outras disciplinas artísticas: Titeres Cachirulo, Manuel Rivas, Monicreques de Kukas, Lytos, Alfonso Rivera, Xiana Vilas ou Ana Inés Jabares.

Outra das nosas inquietudes é o apoio á nova creación, achegando así novidades ao repertorio tradicional e dinamizando a vida musical. Proba disto son as estreas que realizamos de obras de compositores como Gabriel Bussi, Xabier Mariño, Óscar Álvarez, Juan Durán, Paquito D'Rivera, Federico Mosquera, Fernando Buide, Óscar Navarro e Jose Luis Turina.

O CONCERTO. Cinco obras escritas en Norteamérica ao longo dun século integran o programa deste concerto. Todas elas de marcado carácter descritivo e inspiradas en paisaxes cada unha no estilo propio de cada compositor. Convidada de excepción, unha peza neoclásica do compositor lugués Bal y Gay escrita no seu exilio mexicano e como prato forte a adaptación colorista para quinteto de vento do famoso cuarteto de Dvorak.

www.zoar.es
www.facebook.com/www.zoar.es

twitter.com/ZoarEnsemble
www.instagram.com/zoarensemble

PROGRAMA

I PARTE

• Antonin Dvořák (1842-1904)

Cuarteto n.º 12, Op. 96 "Americano" (1893) (25')
Adaptación para quinteto de vento de David Walter

I. Allegro

II. Lento

III. Molto Vivace

IV. Finale

II PARTE

• Aaron Copland (1900 - 1990)

New England Countryside (1942) (5')
Adaptación para quinteto de Erik Morales

• Jesús Bal y Gay (1905-1993)

Divertimento (1942) (7')

Para cuarteto de madeira

• Samuel Barber (1910-1981)

Summer Music Op. 31 (1959) (12')

Para quinteto de vento

• Lalo Schiffrin (1932)

La Nouvelle Orleans (1987) (7')

Para quinteto de vento

DÚO GARCÍA JERMANN - MORETTI | ESPAÑA
BRASIL | Ángel García Jermann,
violonchelo
Kennedy Moretti,
piano



Desde o seu primeiro encontro en 1998 Ángel García Jermann e Kennedy Moretti souberon entender a súa afinidade no pensamento musical e comezaron a súa colaboración como conxunto de cámara, un dúo estable que afonda na interpretación das obras para esta formación máis alá do instrumento melódico acompañado polo piano. Sendo indubidablemente un dos conxuntos de cámara máis lonxevos da escena musical española, a súa actividade de concertos

comezou con recitais en Alemaña, Detmold e Bielefeld e expandiuse rapidamente por toda a xeografía española: Madrid, Galicia, La Rioja, León, Illas Baleares, Murcia, actuando en destacadas salas de concertos. Na actualidade ambos os dous músicos compaxinan a súa actividade concertística co ensino superior, Ángel García Jermann como catedrático de violonchelo no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid e Kennedy Moretti como catedrático de Música de Cámara na "Escuela Superior Música de Cataluña" (ESMUC). Moretti tamén impartiu clases no Instituto Internacional de Música de Cámara de Madrid e no Conservatorio Superior de Música de Aragón (Zaragoza). Grazas a que Ángel García Jermann foi durante 11 anos solista de violonchelo da Orquestra Sinfónica da Radiotelevisión Española (OSRTVE), puideron gravar numerosos programas das músicas máis variadas tanto para Radio Clásica de Radio Nacional de España como para TVE e o Canal Clásico Dixital.

O seu repertorio abrangue desde obras do barroco ata a música dos nosos días. A súa formación individual desenvólvese principalmente no ámbito centro europeo e Estados Unidos, tendo a escola húngara e rusa un peso especial na súa formación.

En 2013 inician unha serie de gravacións orientadas á recuperación do patrimonio musical español concretándose nun primeiro traballo dedicado a pezas románticas españolas para violonchelo e piano editado pola Sociedade Española de Musicología. Próximos proxectos inclúen o rexistro de obras do exilio (R. Gerhardt, R. Halffter, S. Tapia-Colman, S. Bacarisse).

www.angelgarciajermann.com

PROGRAMA

I PARTE

- Robert Schumann (1810-1856)
Adagio e Allegro Op. 70 para chelo e piano (9')
- Johannes Brahms (1833-1897)
Sonata n.º 1 para violonchelo e piano Op. 38
en Mi menor (26')

II PARTE (35')

- Jesús de Monasterio (1836-1903)
Melodía
- Juan María Guellbenzu (1819-1886)
Romanza
- Eduardo López Juaranz (1844-1897)
Romanza
- Roberto Goberna (1858-1934)
Romanza
- Manuel de Falla (1876-1946)
Romanza
- Gerónimo Giménez (1854-1923)
Romanza

16/17

CICLO DE MÚSICA

Enclave de Cámara

DE CÁMARA DE OURENSE

IV CICLO DE MÚSICA DE CÁMARA

Venda de entradas :
na billeteira

Teatro Principal

Rúa da Paz nº 9 | T.988 241 492

www.teatroprincipalourense.com

ou na páxina web

www.ataquilla.com

8 € Butaca de Patio e Platea

8 € 1º Andar

7 € 2º Andar

5 € Paraíso e VR

PARA CALQUERA
INFORMACIÓN ADICIONAL,
PODE DIRIXIRSE Á

CONCELLERÍA DE CULTURA
do Concello de Ourense

Auditorio Municipal
Rúa da Canle, 2 | T. 988 39 12 90

www.enclavedecamara.com

 Enclave de Cámara Ourense
 @enclavedecamara

POSIBILIDADE DE DESCONTOS PARA GRUPOS ESCOLARES MEDIANTE XESTIÓN ANTICIPADA

ORGANIZA



Concello de
OURENSE

COLABORAN



PRODUCCIÓN
ARTÍSTICA



PROYECTOS CULTURALES
Y DE ESPECTÁCULOS